

Galicia Encantada



ANIVERSARIO
2005 * 2025
Enciclopedia de Fantasia Popular de Galicia

Seres míticos

CATEGORÍAS RELACIONADAS

O demachiño da Veiga

No lugar da Veiga, parroquia de Rigueira, Xove (Lugo), había unha nena que tiña un demachiño no corpo. Cando a nai vestía a filla para mandala á misa, seica había que atravesar o río para chegar á igrexa, preguntáballe ó demachiño:

Demachiño, ¿hasme tirar a nena ó río?

Se o demachiño dicía que non, mandábaa, pero se non lle contestaba era case seguro que a chimpaba no río e que non chegaba á igrexa coa roupa limpa.

BIBLIOGRAFÍA

Fonte:

COLEXIO PÚBLICO DE XOVE, A fonte da vida longa, ed. Concello de Xove, 1989.

Bibliografía:

CUBA, X. R., MIRANDA, X. e REIGOSA, A., Dicionario dos seres míticos galegos [Demachiños], Xerais, Vigo, 1999.